

**BASES E CONVOCATORIA DO PROCESO DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE AUXILIARES DE POLICIA PARA REFORZAR A PLANTILLA DA POLICÍA LOCAL DO CONCELLO DE MARÍN DURANTE 2017 ( 169/2017)****1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA**

A contratación laboral temporal de CATRO AUXILIARES DE POLICIA LOCAL, para reforzar a plantilla da policía local do Concello de Marín durante 2017, mediante a súa contratación laboral temporal por espazo de TRES MESES.

**2.- FUNCIÓN DO POSTO DE TRABALLO**

As tarefas a desenvolver polos Auxiliares de Policía Local consistirán en medidas de apoio, burocráticas, de vixilancia e ordenación do tráfico rodado xunto co persoal funcionario. En todo caso, estarán expresamente excluídas da natureza dos contratos laborais temporais de Auxiliares de Policía Local a realización de tarefas de conducción de vehículos policiais en situacions de emerxencia, policía xudicial e administrativa, intervención en atestados, utilización de medios de defensa e armas de fogo, e en xeral todas aquelas funcións que impliquen exercicio de autoridade que estean expresamente reservadas a funcionarios de carreira.

**3.- REQUISITOS DOS/DAS ASPIRANTES**

Para tomar parte neste proceso selectivo será preciso cumplir os requisitos seguintes na data de remate do prazo concedido para a presentación de instancias:

- a) Ser español ou nacional dun estado membro da unión Europea, nos termos previstos no artigo 57 do Rd lexislativo 5/2015 polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público. Así mesmo, poderá participar, en igualdade de condicións que os españois, os estranxeiros con residencia legal en España.
  - b) Ter máis de dezaoito anos de idade.
  - c) Non padecer enfermidade, nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que impida ou sexa incompatible co desenvolvemento das funcións do posto de traballo de Auxiliar de Policía Local.
  - d) Non ter sido condenado por delito doloso, nin estar inhabilitado nin separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
  - e) Estar en posesión do título de graduado en educación secundaria obligatoria ou equivalente.
  - f) Posuér unha estatura mínima de 1'65 m os homes e 1,60 m as mulleres.
  - g) Ingresar na Tesourería Municipal a conta de 18,03 euros en concepto de dereitos de exame, ou acreditación de estar exento do pago da taxa.
- Estarán exentos do pago da taxa por "Solicitude para tomar parte no procedemento para a selección e promoción do persoal" aquelas persoas que estean inscritas nas listas do INEM, sempre que non estean cobrando ningún tipo de prestación .

Todos os requisitos esixidos deberán ser posuídos polos/as aspirantes o día que remate o prazo para presentar as solicitudes de participación no proceso de selección.

**4.- PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS**

As instancias para tomar parte no proceso selectivo para a formación da bolsa dirixiranse a Sra. Alcaldesa- Presidenta do Iltmo. Concello de Marín, e presentaranse no Rexistro Xeral, ou por calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de **DEZ DÍAS HÁBILES** dende o día seguinte a publicación do último dos anuncios da convocatoria do proceso selectivo.



A instancia conterá os datos persoais do solicitante, co seu enderezo completo e número de teléfono, achegando:

- fotocopia do DNI,
- copia do título académico esixido para o ingreso
- no seu caso, copia do certificado acreditativo de coñecemento da lingua galega CELGA 3.
- copia do xustificante de pago das taxas de exame ou, de ser o caso, xustificación da súa exención das mesmas.
- No seu caso, copia do xustificante de ter realizado o Curso de Auxiliares de Policía.

Rematado o prazo de presentación de instancias a Alcaldesa ditará resolución aprobando a listaxe provisional de admitidos e excluídos, así como as causas da súa exclusión. Esta Resolución será publicada no Taboleiro de Anuncios do Concello.

Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de **CINCO DÍAS HÁBILES** a contar desde o día seguinte ao da publicación da resolución para a emenda dos defectos ou omisións das súas solicitudes así como para efectuar reclamacións.

Rematado dito prazo a Alcaldesa mediante resolución pola que aprobará a listaxe definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, nomeará o Tribunal do proceso selectivo, e convocará aos admitidos mediante a publicación da resolución no taboleiro de anuncios da Casa do Concello.

No caso de que desde un primeiro momento non houbase ningún aspirante excluído, ditarase resolución aprobando a listaxe definitiva de admitidos. Na mesma resolución nomearase o Tribunal do proceso selectivo, determinarase o lugar, data e hora da celebración dos exercicios. Esta resolución será publicada no taboleiro de anuncios da Casa do Concello.

#### 5.- DEREITOS DE EXAME

Será requisito necesario para participar nas probas selectivas convocadas o aboamento dos dereitos de exame por importe de 18,03 €, que poderá facerse efectivas na Tesourería Municipal ou na conta xeral do Concello nº ES95- 2080-5430-24-3110102174. Estarán exentos do pago da taxa por "Solicitud para tomar parte no procedimento para a selección e promoción do persoal" aquellas persoas que estean inscritas nas listas do INEM, sempre que non estean cobrando ningún tipo de prestación.

En ningún caso a mera presentación e o pagamento dos dereitos de exame substituirá o trámite de presentación en tempo e forma da solicitude.

#### 6.- PROCESO DE SELECCIÓN

O proceso de selección será o de oposición libre e constará de dúas fases. Unha primeira fase consistente nunha proba de aptitude física e unha segunda fase que consistirá nunhas probas de coñecementos.

Primeira Fase: Comprobación de estatura e Proba de aptitude física. Obrigatoria e eliminatoria.

1. Comprobación da estatura: Ao comezo das probas realizarase o control da estatura dos/as aspirantes. Os mínimos son os que rexen para o ingreso nos corpos de policía local: 1,65 metros para os homes e 1,60 para as mulleres.
2. Probas físicas: As probas físicas cualificaránse de apto/non apto. Para obter a cualificación de apto os aspirantes deberán acadar as marcas mínimas ou non superar as máximas que se establecen para cada proba.

##### A) POTENCIA TREN INFERIOR: SALTO VERTICAL.

Realizarase nun ximnasio ou lugar semellante con chan horizontal e cunha parede vertical e lisa. O aspirante colocarase en posición de partida, en pé, de lado xunto a unha parede vertical, cun brazo totalmente estendido cara a arriba e sen levantar os calcañares do chan, e marcará cos dedos a altura que acade nesa posición. O exercicio executarase, separándose 20 centímetros da parede e saltando tan alto como poida, marcando novamente cos dedos o nivel acadada.

Para a correcta realización da proba deberan observar as seguintes regras:



- Pódense mover os brazos e flexionar o tronco e os xeonilos, pero non se pode separar do chan ningunha parte dos pés antes de saltar.
- Hai que realizar o salto cos dous pés ao mesmo tempo.
- Permitense dous intentos, só aos aspirantes que fagan nulo o primeiro.

A distancia entre a marca feita desde a posición de partida e a acadada co salto deberá ser igual ou superior á mínima (en centímetros) establecida no seguinte cadro para cada sexo e grupo de idade.

	18-36 anos	37-48 anos	49 anos ou máis
Homes	41 cm	33 cm	29 cm
Mulleres	32 cm	28 cm	25 cm

#### B) RESISTENCIA XERAL: CARREIRA DE 1.000 METROS LISOS.

Realizarase en pista de atletismo ou en calquera zona totalmente chaira de terreo.

O/a aspirante colocarase na pista no lugar indicado. A posición de saída realizarase en pé.

Só se permite un intento.

O/a aspirante que abandone a carreira quedará excluído.

A proba consistirá en correr a distancia de 1.000 metros no tempo máximo (en minutos e segundos) que se recolle na seguinte táboa para cada sexo e grupo de idade:

	18-36 anos	37-45 anos	46 anos ou máis
Homes	4'30"	5'00"	5'15"
Mulleres	5'00"	5'30"	5'45"

#### Segunda Fase:

Consistirá en tres exercicios obligatorios e eliminatorios:

#### A.-PROBA DE COÑECIMENTOS RELACIONADOS CO POSTO DE AUXILIAR DE POLICÍA LOCAL.

Na proba de avaliación dos coñecementos os/as aspirantes deberán amosar o dominio dos contidos do temario que se inclúe no Anexo I- A

Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de 50 preguntas tipo test, con 4 alternativas de resposta cada unha, que serán propostas polo tribunal. Os/as aspirantes disporán dun tempo máximo dunha hora para a súa realización.

A proba cualificarase polo tribunal de cero a dez puntos, ( 0-10) sendo preciso para a súa superación acadar unha puntuación mínima de cinco puntos (5). A cualificación farase atendendo á seguinte fórmula:  $N=(A-F/3)/5$ .

Sendo N= nota final da proba; A= preguntas acertadas; F= preguntas erradas ou non respondidas.

#### B.-PROBA ESPECIFICA SOBRE O COÑECIMENTO DO TERMO MUNICIPAL E DA TOPONIMIA LOCAL.

Na proba de avaliación dos coñecementos do termo municipal os aspirantes deberán amosar o dominio dos contidos do temario que se inclúe no Anexo I- B.

O órgano de selección someterá aos/ás aspirantes a unha proba, que poderá ser oral ou escrita segundo determine o tribunal, para determinar o seu nivel de coñecemento sobre as características propias do Concello de Marín e a toponimia local.

Esta proba cualificarase de cero a tres puntos ( 0-3), sendo necesario para a súa superación acadar unha puntuación mínima de un con cincuenta puntos ( 1,50) para superala.



## C.-COÑECIMENTO DA LINGUA GALEGA.

O tribunal valorará o nivel de coñecemento da lingua galega dos/as aspirantes, mediante unha proba, que poderá ser oral ou escrita segundo determine o Tribunal, que se cualificará como APTO/A ou NON APTO/A.

Os aspirantes que presenten Certificado da Lingua Galega 3 (Celga 3) ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia quedarán exentos da realización de esta proba.

A cualificación final virá dada pola suma das puntuacións obtidas nos distintos exercicios da segunda fase. No caso de empate na cualificación final entre dous ou más aspirantes o mesmo será resolto acudindo a maior puntuación obtida na primeira proba da segunda fase, se persistise o empate se atenderá a puntuación da segunda proba da segunda fase, e de continuar o empate as mellores marcas acadadas na proba de salto vertical e, se fose preciso, as acadadas na carreira de 1.000 metros, ate a resolución do mesmo.

En caso de persistir o empate, este se resolverá a favor da muller coa maior puntuación obtida na primeira proba da segunda fase, se persistise o empate se atenderá a puntuación da segunda proba da segunda fase, e de continuar o empate as mellores marcas acadadas na proba de salto vertical e, se fose preciso, as acadadas na carreira de 1.000 metros, ate a resolución do mesmo, en aplicación do disposto no artigo 10.2 do Decreto 243/2008 e no artigo 37.1 da Lei 7/2004 para a Igualdade de mulleres e homes.

O Tribunal formulará proposta de contratación a favor dos /as CATRO aspirantes que obtiveran a maior cualificación final.

Os/as aspirantes que superasen o proceso de selección, e non dispónan do curso de formación, deberán participar nun curso de formación de Auxiliares de Policía da Academia Galega de Seguridade, non podendo ser contratado/a nin exercer as funcións sen dispor de dito curso, polo que se a data de contratación non conta con dito curso decaerá nos seus dereitos.

Aqueles/as que xa tivesen participado e obtivesen certificado de asistencia ao dito curso, estarán exentos/as desta obliga por un período de catro anos, de acordo co previsto no artigo 48.2.º do Decreto 243/2008, do 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, de coordinación de policías locales.

Na acta da última sesión incluirase unha relación dos aspirantes que, tendo superado todos os exercicios da oposición, non fosen propostos para a súa contratación inicial, co fin de, si se estima necesario, ser contratados durante o ano 2017 en caso de renunciaalgún dos seleccionados ou se fose preciso efectuar novas contratacóns na categoría de auxiliar de policía. O chamamento se realizará telefonicamente, debendo constar a aceptación ou a renuncia de xelto escrito.

Os/as aspirantes que sexan propostos para a súa contratación haberán de aportar, no prazo máximo de 5 días hábiles desde a proposta de contratación, a seguinte documentación:

- fotocopia cotexada do DNI e do Número de Afiliación a Seguridade Social.
- fotocopia cotexada do título esixido para a participación no proceso selectivo.
- Copia cotexada do título de auxiliar de policía da Academia de Seguridade Galega,
- certificado médico / informe de saúde orixinal acreditativo de non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que o/a inhabilita para o desenvolvemento das funcións propias de Auxiliar de Policía Local.
- declaración xurada de non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas, e non atoparse en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na legislación vixente.

Se dentro do prazo indicado, e salvo supostos de forza maior, o/a aspirante proposto/a non presentasen a súa documentación ou non reunira os requisitos esixidos para ser contratado éste decaerá nos seu dereitos e quedarán anuladas todas as actuacións realizadas a favor do mesmo sen prexuízo das responsabilidades nas que puidera incorrer por falsidade na instancia.

**7.- TRIBUNAL CUALIFICADOR**

Estará integrado por:

- Presidente: o Xefe da Policía Local do Concello de Marín ou funcionario de carreira ou persoal laboral fixo do Concello de Marín ou de calquera outro Concello ou Administración Pública pertencente a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ó esixido para participar no proceso selectivo.
- Secretario: o da Corporación ou funcionario de carreira ou persoal laboral fixo do Concello de Marín ou de calquera outro Concello ou Administración Pública, pertencente a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ó esixido para participar no proceso selectivo.
- 3 vogáis:
  - Dous funcionarios de carreira ou persoal laboral fixo do Concello de Marín ou de calquera outro Concello ou Administración Pública, pertencente a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ó esixido para participar no proceso selectivo.
  - Un funcionario de carreira ou persoal laboral fixo do Concello de Marín ou de calquera outro Concello ou Administración Pública, pertencente a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ó esixido para participar no proceso selectivo, designado pola Alcaldía a proposta da Xunta de Persoal do Concello, que actuará en todo caso a título individual.

A composición nominal do tribunal publicarase na Resolución de aprobación da listaxe de aspirantes definitivamente admitidos ao proceso selectivo.

**8.- PUBLICIDADE DO PROCEDIMENTO**

**A convocatoria do proceso de selección publicarase no TABOLEIRO DE ANUNCIOS da Casa do Concello e, en extracto, NUN DOS XORNAIS DE MAIOR TIRADA DE GALICIA. As bases COMPLETAS do proceso selectivo publicaranse no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello**

**9. -NORMATIVA APLICABLE**

Para todo o non previsto expresamente nestas bases estarase ao disposto na normativa aplicable, en especial, Rd Lexislativo 5/2015, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Estatuto Básico do Empregado Público; Lei 4/2007, do 20 de abril, de Coordinación de policías locais de Galicia e Lei 2/2015 do Emprego Público de Galicia.

**ANEXO I.- TEMARIO****A.-PROBA DE COÑECEMENTOS RELACIONADOS CO POSTO DE AUXILIAR DE POLICÍA LOCAL.**

1. O municipio. Concepto e elementos. Competencias municipais. A organización e funcionamento do municipio. O Pleno. O alcalde. A Xunta de Goberno Local. Outros órganos municipais.
2. Ordenanzas, regulamentos e bando. Clases e procedemento de elaboración e aprobación.
3. A licenza municipal. Tipos. Actividades sometidas a licenza. Tramitación.
4. Lei de coordinación das policías locais de Galicia e normas de desenvolvemento. Régime disciplinario: disposicións xerais e faltas disciplinarias.
5. A actividade da policía local como policía administrativa I: consumo. Abastos. Mercados. Venda ambulante. Espectáculos e establecementos públicos.



6. A actividade da policía local como policía administrativa II: urbanismo. Infraccións e sancións. A protección ambiental: prevención e calidade ambiental, residuos e disciplina ambiental.
7. Delitos e faltas. Circunstancias modificativas da responsabilidade criminal. Pessoas responsables: autores e cómplices.
8. Delitos contra a seguranza viaria. Faltas cometidas con ocasión da circulación de vehículos de motor. Lesións e danos imprudentes.
9. Lei de seguranza viaria. Regulamentos de desenvolvemento. Estrutura e conceptos xerais.
10. Normas xerais de circulación: lugar na vía, velocidade, prioridade de paso, cambios de dirección e sentido. Adiantamentos. Parada e estacionamento. Vehículos e transportes especiais. Cinto e casco de seguranza.
11. Circulación por zonas peonís. Comportamento en caso de emerxencia. Sinais de circulación. Clasificación e orde de prioridade. Carencia do seguro obligatorio.
12. A policía como servizo público. A policía local como policía de proximidade e de servizo. O auxiliar de policía e as súas funcións. Responsabilidades do auxiliar de policía.

**B.-PROBA ESPECIFICA SOBRE O COÑECEMENTO DO TERMO MUNICIPAL E DA TOPOONIMIA LOCAL.**

1.- O Concello de Marín: rueiro, parroquias, lugares , praias...

**ANEXO II.- MODELO DE INSTANCIA**

D/a \_\_\_\_\_, con DNI número \_\_\_\_\_, e endereço en (Rúa  
/Lugar) \_\_\_\_\_ (Localidade) \_\_\_\_\_ (Municipio) \_\_\_\_\_ (Código Postal) \_\_\_\_\_ e nº de  
teléfono \_\_\_\_\_

**EXPÓN:**

Que enterado/a da convocatoria de probas selectivas para a contratación de CATRO auxiliares de policía para o reforzo do corpo da policía local de Marín en 2017.

**MANIFESTA:**

1.- que coñece as bases e os criterios de selección de esta convocatoria e que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos na mesma.

2.- que achega a seguinte documentación esixida na base 3:

- fotocopia do documento acreditativo da miña identidade.
- Fotocopia do Título académico esixido para o ingreso.
- xustificación de ter ingresado a cantidade de 18,03 euros en concepto de dereitos de exame ou xustificación de estar exento/a do pago das mesmas
- No seu caso, fotocopia do certificado acreditativo dos coñecementos da lingua galega.
- No seu caso, fotocopia do título de auxiliar de policía da Academia de Seguridade Galega.

Por todo elo,

**SOLICITA**



ILTMO. AYUNTAMIENTO DE MARÍN

ILTMO. CONCELLO DE MARÍN

Avda. de Orense, s/n  
Telef. 986880300- Fax 986882013  
36900 MARÍN (Pontevedra)

Que previos os trámites oportunos teñan por presentada en tempo e forma a presente solicitude, e na súa virtude proceda a admitirme nas probas de selección antes referida.

Marín a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2017.

(Sinatura do aspirante)

Persoal, informámosselle que os datos que se faciliten para a participación no presente proceso de selección de persoal, incorporaranse nun ficheiro cuxo responsable é o **CONCELLO DE MARÍN** con domicilio na Avda. de Ourense s/n, 36900 – Marín (Pontevedra) onde poderá exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e no seu caso, o de oposición dirixindo á Secretaría solicitude asinada por escrito xunto cunha fotocopia do seu DNI.

Mediante a participación no referido proceso, os titulares consenten o tratamento dos seus datos persoais coa finalidade de levar a cabo a selección de persoal, o rexistro de solicitudes, a cualificación de probas e avaliación dos candidatos, así como a provisión de postos e confección do banco de datos ou lista de espera.

Así mesmo, os participantes prestan o seu consentimento para que os seus datos persoais sexan comunicados mediante a súa exposición nos taboleiros de anuncios deste Concello e na páxina web do mesmo – aos efectos de dar a publicidade esixida ao procedemento de contratación – aos representantes dos traballadores, e as administracións públicas competentes.

En Marín a 26 de abril de 2017.

Asdo. María Ramallo Vázquez  
Alcaldesa-Presidenta

